

A MIÑA MASCOTA E MAIS EU

Texto de DAVID HERNÁNDEZ SEVILLANO

Ilustracións de ALEJANDRA ESTRADA

Tradución de IAGO NICOLÁS

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 14 €

A miña mascota e mais eu (galego)

ISBN 978-84-1343-372-1. Álbum ilustrado. Demademora.

MI mascota y yo (castelán)

ISBN 978-84-1343-373-8. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

La meva mascota i jo (català)

ISBN 978-84-10387-11-9. Álbum ilustrado. Obres d'autor/a.


Chámome Coco e sempre tiver unha mascota. Cando era pequeno, a mamá tiña unha mascota na casa e agora eu quedei co seu fillo. Encántame as mascotas, pero non é doado atendelas. A miña mascota e mais eu coidámonos moito...

A tenra relación entre un neno e un can, dende un punto de vista sorprendente. Abofé, hai mascotas ás que só lles falta falar.

O protagonista desta fermosa historia conta a súa experiencia atendendo unha mascota: coidarse mutuamente, enredar xuntos, convivir no fogar e acompañarse nas tarefas da vida cotiá, entre xogos, aventuras e complicitades... Mais a medida que avanza o texto de David Hernández Sevillano evidénciase que a voz narradora co seu testemuño en primeira persoa non se corresponde coa figura humana, senón co animal. Esta brincadeira que induce á confusión co suxeito literario achega un enfoque inesperado e audaz, mantendo a ambigüidade ao longo de todo o relato.

Este recurso acentúa a tenrura, a intensidade das emocións e mesmo o humor; unhas calidades que tamén se transmiten nas ilustracións realistas de Alejandra Estrada, continuando coa proposta plástica e o minimalismo cromático do álbum «Nina e Antón». Son imaxes de estilo clásico e expresionista, bosquexadas con trazos áxiles e dinámicos que marcan a xestualidade e a expresividade corporal dos dous personaxes.

«A miña mascota e mais eu» introduce as nenas e os nenos na responsabilidade que supón facerse cargo —con paciencia, agarimo e empatía— dun animal de compañía, ademais de expor os beneficios para a autonomía persoal ao desenvolver actividades sinxelas como ocuparse das súas necesidades básicas, favorecer a expresión dos sentimentos ou a práctica do exercicio físico.



DAVID HERNÁNDEZ SEVILLANO ALEJANDRA ESTRADA

A miña mascota e mais eu



■ **Temática:** mascotas.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** tenza responsable de animais de compañía; animais domésticos, cans; infancia, xogo, emocións, fogar, tarefas cotiás; amizade, empatía, humor; ilustracións realistas; do autor de «[Arbolidades](#)» (XII Premio Internacional Cidade de Orihuela de Poesía para Nenas e Nenos, Premio Fundación Cuatrogatos 2021); da ilustradora de «[Nina e Antón](#)» (mención do IX Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado e finalista do Premio Andersen -Italia- 2019).

■ **Avance do libro:**

https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-minha-mascota-e-mais-eu-g_david_hernandez_sevill

David Hernández Sevillano

(Segovia, 1977)

Licenciado en Educación Física, foi na Universidade onde iniciou a súa traxectoria literaria. Dende 2009 publicou máis dunha vintena de libros de poesía para adultos e de literatura infantil. Recibiu recoñecementos tan prestixiosos como o Premio Nacional de Poesía Miguel Hernández 2009, o XXV Premio de Poesía Hiperión 2010, o Premio Xaén de Poesía 2012, o Premio Valencia de Poesía 2017, o XVIII Premio Emilio Alarcos de Poesía 2019 e o Premio Lazarillo de Creación Literaria 2020. Tamén imparte obradoiros de poesía infantil e de animación á lectura, ademais de realizar sesións de narración.

<https://davidhernandezsevillano.com/>

Alejandra Estrada

(Medellín, Colombia, 1982)

Estudou Artes Plásticas e licenciouse en Estética pola Universidade Nacional de Colombia. Traballa como ilustradora, deseñadora, directora de arte e coordinadora de proxectos editoriais. Tamén se dedicou á animación para documentais e ao comisariado de exposicións. Publicou varios libros para editoriais de Colombia, México e España. Entre as distincións recibidas destaca a mención honorífica no XX Premio Internacional do Libro Ilustrado Infantil e Xuvenil da Secretaría de Cultura de México (Conaculta) 2015, foi finalista do Premio Cuatrogatos e recibiu unha mención do IX Premio Internacional Compostela. Dirixe o xornal rural colombiano Monte dentro.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com